

LIÑAS DE ACCIÓN ABERTAS POLO GRUPO DE NORMALIZACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA
Santiago de Compostela, 12 de Febreiro de 2005

FRONTES	LIÑAS DE TRABALLO	ESTRATEGIAS	AXENTES DIRECTOS
Fronte 1 DEFINICIÓN DO OBXECTIVO NORMALIZADOR	Análise da situación actual (realizada sinteticamente na propia reunión)	<ul style="list-style-type: none"> - De cara á actuación pública do grupo, vese preciso observar a batería de recomendacións que aparecen en documento anexo. 	
	<i>Modelo</i> de Normalización defendido por <i>Nova Escola Galega</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Coas súas eivas e adaptacións necesarias, trátase dun documento aínda válido, a disposición de quen desexe consultalo en www.nova-escola-galega.org ou, en formato impreso, na sede de NEG (neg@iaga.com). 	
	Documento crítico sobre o <i>Plano de Normalización</i> oficial consensado no Parlamento	<ul style="list-style-type: none"> - Trátase dun documento a medio realizar que recolle unha visión crítica, pero en positivo, do <i>Plano</i>. A súa presentación pública debera servir para fixar a posición de NEG ante o novo marco creado coa realización e a aprobación consensuada do propio <i>Plano</i>. Debera servir tamén como necesario punto de partida dun seguimento rigoroso do (in)cumprimento das medidas que nel se recollen. 	Grupo de Ferrolterra: César Martínez e Pepe Lastra.
Fronte 2 COORDINACIÓN DA ACCIÓN CON OUTROS GRUPOS E PERSOAS	Participación de NEG na Plataforma polo Ensino en Galego e estratexias de intervención con grupos afíns	<ul style="list-style-type: none"> - A cuestión sería definir se é preciso apoiar a existencia da Plataforma actual (reactivando o seu traballo) ou se a estratexia debe ser coordinar a acción con outros grupos afíns primeiramente (nomeadamente co STEG) tratando de re-incorporar ao traballo da Plataforma a colectivos agora desvinculados (CCOO) e a outros susceptibles de integrárense (nomeadamente, FETE-UXT). - Unha segunda liña (non excluínste) viría dada polo intento de aglutinar esforzos con outros colectivos (os MRPs en primeiro lugar) nun intento de levar a cabo accións comúns e, tal vez, re-crear un movemento cidadán pola lingua (o <i>Nunca máis</i> da lingua). - Unha terceira vía de traballo consistiría en reunir aos colectivos que estaban tratando de chegar a un <i>Modelo</i> de consenso hai certo tempo con intención de retomar aquel traballo ou de iniciar outros. 	Grupo de Santiago: Tere Ferreiro e Paco Veiga.

	Divulgación do posicionamento de NEG entre as forzas políticas	- O obxectivo sería que as diferentes forzas políticas incorporasen nos seus programas todas ou algunhas das posicións de NEG máis significadas. Os dous documentos aos que se refire a "Fronte 1" poderían constituír o material básico de traballo nas entrevistas que se poderían manter.	O Presidente debería acordar as entrevistas. Cumpriría definir que dúas-tres persoas formarían parte da delegación de NEG.
	Participación de persoeiros públicos en diferentes estratexias de divulgación	- A cuestión sería contar con persoeiros de consenso que prestasen a súa imaxe para actividades de divulgación da problemática do idioma. Faise preciso definir estas actividades.	Grupo da Coruña: Xabier P. Docampo e Pancho Á. Fontenla.
	Estabelecemento de relacións de intercambio coa Real Academia Galega, co Consello da Cultura...	- Trataríase dun novo camiño aberto para intercambiar perspectivas sobre o problema e mesmo para esixir que cada institución cumpra a función para a que foi creada.	Grupo de Santiago: Miguel V. Freire.
Fronte 3 PRESEZA PÚBLICA	Participación nos medios de comunicación	- Participación nun dobre sentido: ofrecendo o punto de vista de NEG nos debates onde a cuestión lingüística e cultural sexa o eixe principal, pero tamén denunciando o día a día do estado da lingua.	Grupo da Coruña: Xabier P. Docampo e Pancho Á. Fontenla.
	Presentación pública das propostas de NEG	- Trataríase de articular os mecanismos necesarios para transmitirle á sociedade o que pensa NEG sobre a cuestión e as estratexias que ten deseñadas para conseguir o obxectivo normalizador.	O Presidente con persoas apropiadas para cada caso.
Fronte 4 TRABALLO NOS CENTROS E NOS COLECTIVOS DE BASE	Presenza constante e cun papel protagonista da problemática lingüística e cultural nos medios internos e externos de NEG	- A idea sería que a cuestión tivese un protagonismo destacado en todos os vieiros que utiliza NEG na actualidade, tantos internos como externos: páxina web, Boletín Interno, Revista Galega de Educación, NEG-Opina, lista de correo... A lista de correo, nomeadamente, debe ser concibida tamén como un bo medio para a transmisión de informacións de índole práctica (trucos, programas informáticos, enlaces...).	
	Estabelecemento de relacións sobre a cuestión con colectivos de base	- Sería un intento de provocar que a cuestión sexa tamén protagonista das accións dos colectivos de base (ANPAs, asociacións culturais e de veciños/as, asociacións de estudantado... Perseguiríase a presenza física de membros de NEG explicando a problemática, pero sobre todo que a información flúa a través da	Actividade aberta a todos os grupos territoriais e sectoriais de NEG, que serían os responsables da transmisión da información.

		documentación elaborada por NEG.	
	Creación do "Observatorio da lingua"	- Trátase dunha estratexia de traballo que persegue que exista vixilancia sobre a situación do idioma. É unha liña de traballo que se materializaría por parte de NEG pero tamén contando coa colaboración dous outros colectivos amentados ata aquí.	Grupo de Vigo: Agustín Fdez. Paz
	Difusión da idea da "Grande festa anual da lingua"	- Concíbese como unha grande festa de reivindicación lingüística que, ademais da súa función reivindicativa, contribúa a desvincular a cuestión lingüística e cultural de determinadas formacións políticas.	Grupo de Santiago: Miguel V. Freire

RECOMENDACIÓNS SOBRE ESTRATEXIAS DE ACTUACIÓN ANTE A REALIDADE ACTUAL DO IDIOMA E DA CULTURA DE GALIZA REALIZADAS POLO GRUPO DE NORMALIZACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA
Santiago de Compostela, 12 de Febreiro de 2005

1. Debe terse presente que calquera Plano de Normalización xenérico aplicado ao ensino só pode ter éxito se nel se contemplan, e se levan a cabo, accións globais que impliquen ao conxunto da sociedade.
2. Desde esta perspectiva, é preciso tratar de incidir nos programas electorais dos diferentes partidos nas eleccións galegas.
3. NEG debe contribuír a pular por un cambio político, denunciando a situación do idioma e da cultura de Galiza. Debe terse presente, porén, que o propio cambio político pode ser frustrante se non se poñen os medios para que a cuestión do idioma sexa prioritaria.
4. Para que exista un *Nunca máis* da lingua é preciso que tamén exista un *Prestige*. A constatación é que, realmente, xa existe. En consecuencia, só é preciso facer consciente á sociedade da realidade do idioma e da cultura.
5. Perdeuse a referencia dunha entidade neutral que aglutine os esforzos normalizadores dos diferentes colectivos. NEG, ao estar libre de sospeita partidista pode cumprir, limitada e transitoriamente, esa función.
6. Semella unha boa estratexia albiscar no horizonte dous ou tres fachos (grandes empresas, p.e.) aos que dirixir os esforzos, coa expectativa de que todo o demais virá dado a partir deles.
7. Faise necesario responder ás agresións con argumentos fundados. Desde esta perspectiva é mester tamén contribuír a que toda persoa que desexe defender a lingua teña de man os argumentos precisos para facelo.
8. A perspectiva hoxe debe ser moi diferente á de hai unha década, precisamente porque a situación mudou de xeito substancial. Neste sentido, un perigo evidente é, p.e., o da folclorización.